

# O Peirao



VOCEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE RIBEIRA



## ¿Quen vai defender a Galiza en Europa?

### ¿Os mesmos que negociaron a ruínosa entrada na CEE?

**PESCA** Os nosos barcos aínda non poden acceder en igualdade ás augas comunitarias nin a acordos con outros países porque a negociación para entrar na UE foi en precario. **¿Consentiremos seguir a perder flota e caladoiros?**



**NAVAL** Coa entrada na UE Galiza pagou unha forte reconversión no seu sector da construción naval. Aínda non recuperados do drama que supuxo, **¿atu-raremos a segunda reconversión que se aveciña?**



**AGRO** ¿Para cando unha política agrícola comunitaria que teña en conta as características do noso agro? ¿Por que non nos deixan desenvolver os nosos sectores produtivos? **¿Europa está para modernizar ou para destruír o agro?**



**NACIÓN EUROPEA** Temos dereito a participar, en pé de igualdade, nos órganos de decisión da UE. A nosa lingua e máis a nosa cultura non son inferiores e nós esiximos o seu pleno recoñecemento nos textos da Constitución Europea. **Queremos falar galego en Europa.** Os galegos debemos estar en Europa para rexeitar democraticamente as políticas antisociais, que inciden negativamente no desenvolvemento de Galiza. Imos aló a protexer os nosos sectores produtivos, o medio ambiente, a paz. **Apostamos pola implantación dun modelo económico e social baseado no desenvolvemento sustentábel.**



Camilo Nogueira, candidato polo BNG ao Parlamento Europeo

Desde as eleccións de 1999 Galiza conta con **Camilo Nogueira** como eurodeputado. Nesta lexislatura tivemos voz propia no Parlamento Europeo e os nosos problemas e reivindicacións foron expostos alí desde a nosa perspectiva: as comunicacións (autovías, AVE, aeroportos...), a catástrofe do Prestige, o saneamento das rías, os acordos de pesca, a guerra do Irak... Aínda queda un longo camiño que percorrer, pero o paso dado polos máis de 350.000 galegos que votaron polo BNG supuxo un fito na nosa Historia como pobo que temos que afianzar e mesmo incrementar. **Xogámonos o futuro como pobo!!!**



[www.bng-galiza.org/barbanza](http://www.bng-galiza.org/barbanza)



# Ribeira e Europa

**NÓS TAMÉN SOMOS EUROPA** Moitos dos problemas que padece hoxe a sociedade de Ribeira teñen evidente dimensión europea. Directivas europeas regulan, por exemplo, o saneamento dos Concellos concedéndolle, unha alta prioridade. Porén, son os propios poderes locais e rexionais os encargados de levar a cabo as políticas que avancen no Saneamento Integral dos Concellos. **¿Que leva feito o Concello de Ribeira neste ámbito nos 13 anos de goberno? ¿Que leva feito o PP desde a Xunta? NADA!!!** Sábeno ben os veciños de Corrubedo, da Avda. de Ferrol, de Deán, de Castiñeiras...



**E**n Europa tómanse a diario decisións determinantes para o futuro de Galiza e Ribeira e para o benestar das galegas e dos galegos: en Europa decídese onde podemos pescar e canto, que podemos cultivar, cantas becas van ter este ano os nosos fillos para ir fóra, a que velocidade van ir os trens os vindeiros 30 anos...

**1. MEDIO AMBIENTE** O BNG impulsará o saneamento integral do concello de Ribeira na dobre dimensión lo-



cal e europea. Seguiremos a esixir o saneamento integral da nosa ría. Quere-mos que as nosas xentes podan acceder aos fondos empregados en planes *Leader* ou *Proder* para desenvolver alternativas económicas sostíbeis coa nosa natureza. ¿Onde van tantos millóns de axudas en programas comunitarios?

**2. FONDOS ESTRUTURAIS** Coa entrada dos novos membros na UE Galiza pode deixar de ser Obxectivo 1 (as rexións menos desenvolvidas). Deixar de seu obxectivo 1 non supón que teñamos avanzado, senón que o listón sitúase máis abaixo por entraren países con economías precarias que hai que axudar a desenvolver. Porén, debemos esixir que se teñan en conta as especiais características do noso País (demografía, sectores produtivos moi diferenciados e desfavorecidos, dispersión poboacional, emigración, paro...) á hora do reparto dos Fondos.

**3. POLÍTICA PESQUEIRA COMUNITARIA** A economía da Barbanza depende en gran medida da pesca e as industrias adxacentes. Se non se conseguen cambios importantes na Política de Pesca o noso futuro económico

e social é moi negro. O BNG reclamará para a frota galega o acceso en igualdade ás augas comunitarias, a renovación de acordos pesqueiros con terceiros países (Marrocos, Namibia...), a presenza de Galiza en Organismos Internacionais de regulación de pesquerías e a utilización dos fondos IFOP para a mellora das condicións de traballo no mar e a modernización da frota, non para os desguaces. ¡¡O BNG non cambiará peixe por aceitunas!!

**4. TRANSPORTES** A conexión directa con Europa polo Norte (Transcantábrica) e as conexións co Norte de Portugal (por autovía e ferrocarril) son dúas liñas básicas para comezar a superarnos a discriminación vial histórica de Galiza e vitais para o futuro económico próximo. A economía da Barbanza veríase sensiblemente favorecida con boas conexións con Europa e N de Portugal: daríase saída aos produtos, favoreceríase a instalación de novas empresas e compensaríase o previsible problema de deslocalización de empresas que se aveciña. No mesmo ámbito está a regulación do tráfico marítimo. O desastre do Prestige será máis difícil de se repetir se se toman medidas na UE.





# O traballo do noso eurodeputado



**UN TRABALLO DE CINCO ANOS** O traballo do BNG en Europa deu lugar a **158** intervencións no Parlamento; **416** preguntas escritas á Comisión Europea e ao Consello; un alto número de intervencións orais nas aproximadamente **250** reunións das Comisións ou Delegacións ás que pertence o deputado do BNG. Camilo Nogueira chegou a presidir o **Intergrupo de Nacións sen**

**Estado** e participar nas misións políticas internacionais a lugares como Palestina ou favorecer a acolleita de grupos de traballo de representantes de sectores da sociedade galega a Bruxelas e Estrasburgo para trataren problemas relacionados coa UE, como a plataforma Nunca Máis, etc. Velaquí algúns dos temas sobre os que se presentamos iniciativas nos organismos de Europa.



## INICIATIVAS SOBRE BENESTAR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E SOCIAL

- A regresión demográfica en Galiza.
- Aplicación dos Fondos Estruturais.
- Desemprego en Galiza, emigración da xente nova, desemprego feminino.
- A violencia contra as mulleres.
- O dereito á saúde dos cidadáns.
- As redes de transporte.
- Reforma da Política Común da Pesca, a reivindicación de iguais dereitos para a frota galega nos mares comunitarios, acordos como o de Marrocos, a pesca en augas



internacionais, as condicións de vida dos mariñeiros a bordo.

- Reforma da Política Agrícola Común, as cuotas lácteas, a crise das vacas tolas, a consideración na Unión dos montes de viciños, a aplicación dos Leader e Proder.
- Os problemas industriais: ENCE, Izar, Santa Bárbara.
- Os problemas de medio ambiente nos ríos, nas zonas da rede Natura 2000, na fábrica de Corrubedo, o saneamento integral das rías.
- O sistema operativo (software) libre
- A crise do Prestíxio e a seguranza marítima internacional.

## INICIATIVAS REFERENTES AO AUTOGOBERNO DE GALIZA

- O recoñecemento de Galiza como nación e, en xeral, o recoñecemento das nacións sen Estado.
- A presenza de Galiza no Consello de Ministros da UE.
- A capacidade para intervir en políticas comunitarias como as da pesca, agricultura, a criazón de emprego, a cultura.
- A participación nos debates sobre o futuro da Unión Europea.

## INICIATIVAS POLA LIBERDADE A SOLIDARIEDADE E A PAZ

- A participación nos Foros Sociais Mundiais de Porto Alegre e Bombai, na Cimeira da Terra de Johannesburgo e nos Foros Sociais de Florencia e Paris.



- A oposición á invasión de Iraq poloos EEUU e os seus aliados, mantendo entrevistas con Kofi Annan e Hans Blix. A denuncia da cadea de Guantánamo e das torturas a presos.
- A misión a Palestina despois da terrible masacre de Jenin.
- A guerra de Rusia en Chechenia, os desastres naturais en Irán ou Mozambique, a ocupación de Timor Leste por Indoneisia, a autodeterminación do Saara Occidental, a liberdade do Tibet...
- As misións a Brasil, Arxentina e Chile
- A traxedia dos inmigrantes mortos afogados nas costas europeas.
- Problemas da miseria no mundo e as doenzas dos países pobres e marxidados.



- Misión a Palestina  
- Misión contra a guerra do EEUU en Iraque  
- Misión á ONU contra a guerra en Iraque  
- Situación dos refuxiados: o Saara

## SOBRE A LÍNGUA GALEGA

- De acordo coa convición da organización de o galego ser a lingua propia de Galiza e tamén unha lingua universal através do galego-portugués, o BNG utilízouna no Parlamento Europeu practicamente sempre, sen prexuízo do uso do castelán e doutras de linguas nas reunións de traballo dos deputados,
- Tomou iniciativas a respecto da relación de Galiza con Portugal no seo da Unión e a relación cos outros países de fala galego-portuguesa como Brasil.
- O recoñecemento da diversidade lingüística da Unión para alén das actuais linguas oficiais dos Estados e prioritario para o Bloque Nacionalista Galego.



Castelao

— A nosa Terra non é nosa, rapaces.

### ¿QUE É GALEUSCA?

O nome Galeusca —ou Galeuzca— vén das siglas de **Galiza, Euscadi e Catalunya**. Existe polo menos dende 1924, cando o termo foi usado polo catalanista Josep Conangla nunha conferencia na Habana. A alianza como tal entre as nacionalidades históricas, ou nacións, do estado español naceu no chamado **Pacto de Compostela**, ou Galeuzca, o **25 de xullo de 1933** no pazo de Fonseca da capital galega, para defender os dereitos administrativos, políticos, lingüísticos e culturais das tres nacións. **Castelao** tivo unha grande actividade neste proxecto, cando formaba parte do Partido Galeguista. A alianza esmoreceu polos cambios políticos ata que se retomou, xa no exilio, na década de 1940 mesmo coa creación da revista do mesmo nome. Logo, coa restauración monárquica e a renuncia á III República todo se veu abaixo.

A **Declaración de Barcelona** que asinaron os nacionalistas galegos, bascos e cataláns en 1998 supón un relanzamento das teses de Galeuzca e o seu meirande resultado dáse agora con esta alianza de pobos de Europa cara as vindeiras eleccións ao Parlamento da UE.



Revista Galeuzca, editada en Bos Aires en 1945.



Nestas eleccións o **BNG** preséntase coaligado con nacionalistas de Catalunya, Euscadi, País Valenciá e Illes Balears. É un acordo entre nacións que queren participar e ter voz propia na construción da Unión Europea, para que se teña en conta o seu dereito a progresar social e culturalmente nunha Europa de pobos e cidadáns libres.



**MANIFESTAMOS “o noso compromiso cunha Europa democrática, social, solidaria, respectuosa da súa pluralidade nacional e cultural e promotora dun mundo moito máis xusto e igualitario, ecoloxicamente sostible e en paz”.**

**GalEusCa**  
**POBOS DE EUROPA**

Defendemos unha Europa que recoñeza e impulse a diversidade nacional, os **dereitos nacionais de Galiza**. Defendemos **o noso dereito a ter voz e voto** nas decisións que nos afectan. Queremos que se recoñeza **o galego como lingua oficial**. Queremos cambiar a actual Europa dos burócratas, a Europa conservadora e construída de costas aos cidadáns, a Europa dos acordos a porta pechada, a Europa do medo á participación dos cidadáns. **Unha Europa social**, que asegure a igualdade de oportunidades. Unha Europa que teña como prioridades a **igualdade da muller** e a loita **contra a violencia de xénero**, o **emprego de calidade**, a protección e impulso da pluralidade e da **diversidade cultural**, a **liberdade sexual** e os dereitos para exercela, o **desenvolvemento sostíbel** e a **defensa do medio ambiente...** Defendemos unha Europa aberta ó mundo.


### CANDIDATURA DO BNG ÁS EUROPEAS 2004

1. Camilo Nogueira
2. Encarna Otero
3. Fernando Blanco
4. Ana Belén Pontón
5. Guillerme Vázquez
6. Ana Miranda
7. Antonio Fernández Oca
8. Ermidas Valencia
9. Xaime Bello
10. Nemésio Barxa
11. Carme Beiras
12. Ramón Chao
13. Luís Tosar
14. Victoriano Oxea
15. Luisa Martínez

### ACTOS DO BNG EN RIBEIRA

Nesta campaña electoral o BNG de Ribeira continuará a incrementar a súa presenza entre a cidadanía das diferentes parroquias do noso concello, prevéndose os seguintes actos e mítins:

O BNG de Ribeira vaise achegar tamén a todas as parroquias do Concello en diferentes actos para informar aos veciños da súas propostas a levar a Europa. ¡¡Queremos unha voz propia!!



#### SÁBADO 5 DE XUÑO ÁS 21:00 HORAS

Lugar: Casa do Mar  
Intervirá: Tereixa Novo

#### MARTES 8 DE XUÑO ÁS 21:00 HORAS

Lugar: Confraría de Pescadores  
Intervirá: Bieito Lobeira

#### XOVES 10 DE XUÑO ÁS 21:00 HORAS

Lugar: Ché, Vení (Palmeira)

#### VENRES 11 DE XUÑO ÁS 21:00 HORAS

Mitin de Peche de Campaña  
Intervirá: Pilar García Negro

+ INFORMACIÓN: [www.bng-galiza.org/barbanza](http://www.bng-galiza.org/barbanza)